



## CRITERIOS PEDAGÓXICOS E ORGANIZATIVOS PARA REALIZAR OS AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO

### 1. REALIDADE ACTUAL

No noso centro existe unha tradición irregular en relación as reorganizacións ou mesturas do alumnado nas diferentes etapas. A realidade en cada unha de elas é a seguinte.

En Educación Primaria ditas mesturas viñéronse facendo con regularidade ao pasar de 6ºEP a 1ºESO. Dende hai catro anos comezouse a realizar unha nova mestura no paso de 4ºEP a 5ºEP aproveitando o cambio de ciclo. Hai tres anos, debido á incorporación da terceira liña no primeiro curso de Primaria e á entrada de alumnado novo, realizouse, de xeito excepcional, unha reorganización no paso de 6ºEI a 1ºEP.

En relación á etapa de ESO e Bacharelato, as mesturas de alumnado viñéronse facendo con regularidade ao pasar de 6ºEP a 1ºESO, en 3º da ESO, en 4º da ESO e en 1º Bacharelato. Estes últimos cursos están condicionados pola elección das materias optativas.

Estes cambios leváronse a cabo, principalmente, con criterios pedagóxicos, xa que consideramos que aportan beneficios de diferente tipo. Somos conscientes do momento de incerteza que poida provocar estes cambios, pero a valoración das experiencias pasadas é moi positiva, tanto dende o profesorado como dende as familias.

Cremos oportuno un documento de referencia no que se establezan as reorganizacións que se realizarán, en qué cursos, os responsables das mesmas e os criterios que se terán en conta para levalas a cabo.

### 2. FUNDAMENTACIÓN

A reorganización do alumnado proporciona unha serie de vantaxes de diferente índole que melloran, con carácter xeral, o proceso de aprendizaxe e a convivencia no centro. A continuación detallamos algúns dos seus puntos positivos.

#### • **A riqueza de novos agrupamentos.**

Vivimos nunha sociedade que cambia a un ritmo moi acelerado. Temos que adaptarnos a realidades sociais cada vez mais diferentes. *Educar na aollida e na integración* supón educar nos beneficios que aporta coñecer a xente diferente, a compañeiros que ao longo de anos simplemente saudamos en contadas ocasións ou, quizais, non chegamos a coñecer.

#### • **Superar estereotipos.**

A convivencia nas aulas pode ser motivo para que nazan ou se perpetúen determinados estereotipos, roles ou condutas negativas, ben individuais ou de grupo. As mesturas facilitan a superación destas situacións xerando novos contextos de convivencia. Este beneficio repercute tanto no ámbito da conduta como no académico.

#### • **Retomar relacións.**

A través das diferentes mesturas que se dan nas distintas etapas, conseguírase o reencontro de alumnos/as que puideron compartir clase noutro momento, abrindo así a posibilidade a que se retomen relacións na aula ou se superen antigos conflitos que puideran existir.



- **Aplicar o Plan de Convivencia.**

A diversidade dun grupo e a necesidade de saber vivir en diferentes contextos son un elemento práctico clave para facer realidade os obxectivos e as accións que cada ano se propoñen dende o Plan de Convivencia do centro.

Por todas estas consideracións, así como moitas outras que se poderían derivar, consideramos que a reorganización en determinados pasos de nivel/etapa aportan uns beneficios educativos significativos.

### 3. RESPONSABLES E PROCEMENTO

- Nas etapas de EI-EP:
  - Establecerase un día no calendario a finais de cada curso para elaborar as novas listas e para confirmalas a comezos do curso seguinte.
  - Os titores do alumnado saínte fan, a finais de curso, unha proposta ou borrador de reorganización que será entregada á Xefatura de Estudos.
  - Xefatura de Estudos fará revisión das mesmas e as confirmará a comezo do curso seguinte.
- Nas etapas de ESO-Bac:
  - A Xefatura de Estudos fará unha proposta de listas para o curso seguinte que confirmarán os titores e aprobará a CCP o comezo do curso seguinte.
  - Establecerase unha data no calendario a principios do curso seguinte para que os titores do curso académico anterior confirmen as novas listas para o curso académico seguinte e outra data para que se aproben na orde do día da CCP.

### 4. CRITERIOS

Existen criterios comúns a todas as etapas, se ben algúns deles son específicos dependendo das necesidades de cada unha. Atendendo ás informacións dos titores e dos equipos docentes, os criterios para o agrupamento do alumnado para as diferentes etapas son os seguintes:

- Nas etapas de EI-EP:
  1. O criterio de orde alfabético soamente se aplicará unha vez feita a mestura pero non é condicionante para reparto.
  2. No caso de 4ºEI (inicio da escolarización) farase unha organización aleatoria dende secretaría tendo en conta dous principios: o reparto equitativo de xéneros e o mantemento de grupos de alumnado que procede da mesma gardería.
  3. Buscar un equilibrio de capacidades, rendemento, actitudes, condutas, traballo, etc.
  4. Buscar un mesmo número para todas as aulas (na medida do posible)
  5. Buscar un número equilibrado de alumnos dos dous sexos.
  6. Distribución equitativa do alumnado das clases de procedencia.
  7. Distribución do alumnado que presente problemas de conduta.
  8. Distribución equitativa do alumnado con necesidades educativas específicas.
  9. Distribución equitativa do alumnado que permanecerá no mesmo curso.
  10. Distribución equitativa do alumnado que proceda doutros centros.
  11. Ter en conta o número de alumnos e o espazo de aula que ocupará.
  12. En caso de haber dous irmáns no mesmo curso, promoverase a colocación en aulas diferentes (se procede)
  13. Ter en conta outras necesidades individuais do alumnado que supoñan unha atención especial.



• Nas etapas de ESO-Bac:

1. O criterio de orde alfabético non é condicionante para reparto.
2. Buscar un equilibrio de capacidades, rendemento, actitudes, condutas, traballo, etc.
3. Buscar un número equilibrado de alumnos dos dous sexos.
4. Distribución do alumnado que presente problemas de conduta. Ter en conta posibles casos de problemas graves contra a convivencia que se deran previamente e que aconsellen a non coincidencia nunha mesma clase dos alumnos/as implicados.
5. Distribución equitativa do alumnado con necesidades educativas específicas.
6. Distribución equitativa do alumnado que permanecerá no mesmo curso. Sempre que sexa posible, os alumnos deste tipo que non o fagan co mesmo titor do ano académico anterior (se procede)
7. Buscar un mesmo número para todas as aulas (na medida do posible) agrupando con menor número de alumnos/as aqueles grupos onde haxa alumnos que permanecerán no mesmo curso ou con necesidades educativas específicas (se procede)
8. Distribución equitativa do alumnado que proceda doutros centros.
9. As aulas de maior espazo reservaranse para os grupos con maior número de alumnos/as.
10. Ter en conta as materias propias e optativas a partires de 3º da ESO. Manter o criterio 2º pondo tódalas optativas do mesmo nivel a mesma hora (se procede)
11. En caso de haber dous irmáns no mesmo curso, promoverase a colocación en aulas diferentes (se procede)
12. Ter en conta outras necesidades individuais do alumnado que supoñan unha atención especial.

## 5. CURSOS DE APLICACIÓN

As mesturas propostas afectarán aos seguintes niveis co seguinte itinerario de aplicación:

- Matrícula en 4ºEI. Xa realizada en anos anteriores
- Paso de 6ºEI a 1ºEP. (Curso 15-16)
- Paso de 2ºEP a 3ºEP. (Curso 15-16)
- Paso de 4ºEP a 5ºEP. Xa realizada en anos anteriores
- Paso de 6ºEP a 1ºESO. Xa realizada en anos anteriores
- Paso de 2ºESO a 3ºESO. (Curso 15-16 – condicionada por optatividade)
- Paso de 3ºESO a 4ºESO. (Curso 15-16 – condicionada por optatividade)
- Paso de 4ºESO a 1ºBacharelato. (Curso 15-16 – condicionada por optatividade)

Xefaturas de Estudos